

A francmasonería americana do século XIX, lugar de encontro e de integración social dunha pequena e selecta zona da emigración galega

ALBERTO J. V. VALÍN FERNÁNDEZ

Univ. Vigo

Non hai dúbida algunha de que, agás o tamén tristemente sonado caso irlandés, un dos países que mais sobresaliu pola súa xigantesca proxección migratoria en toda-la historia contemporánea universal foi Galicia. Nin as correspondentes diásporas italiana, armenia, portuguesa, polaca, escandinava ou chinesa, poden ter comparanza proporcional con ese *rush* cáseque constante do éxodo que unha gran parte do pobo galego emprendeu dende o escomenzo da segunda metade do século pasado ata, aproximadamente, o remate do decenio dos anos setenta do noso século¹.

Como xa é dabondo coñecido, dende a desoladora crise agraria de 1853 e a tristemente célebre lei do 16 de setembro dese ano —aquela pola que se erguía a prohibición para poder emigrar ó Novo Mundo²— unha persistente sangría de traballadores galicianos saíron dos portos e costas de Vigo, A Coruña e Vilagarcía de Arousa con destino, primeiro a Cuba, e despois a Arxentina, Brasil, Uruguai, etc.

Pódese decir, sen medo algún a caer na esaxeración —e a pesares de non posuír aínda estadísticas exhaustivas e exactas dese inxente saldo vexetativo da poboación galaica que o seu país expulsou contra América— que, entre os cincuenta anos que van dende 1860 a 1910, unha cifra que ronda, se non sobrepasa, o medio millón de persoas, emigrou legal ou ilegalmente ás terras de alén mar³. Cifra ésta que ven a representaren un abondoso tercio de poboación total de Galicia, e o monto completo de poboación emigrante galega ó longo de todo o século XVIII.

¹ Defenden esta postura que, a primeira ollada poidera parecer un cadiño esaxerada, traballos de investigación como os derradeiros que, sobor da emigración, efectuou Antonio Eiras. *Vid., e. g.:* Eiras Roel, A. "Sobre las motivaciones de la emigración gallega a América y otros aspectos. Un enfoque comparativo", na *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, nº 2, pp. 57-71.

² Ven a chamar poderosamente a atención comprobaren de qué xeito tan diferente reaccionaron os gobernos de dúas nacións coma España e Alemaña, verbo do bum migratorio americano producido nelas a raíz da profunda desfeita do negrerismo en Cuba máis no Brasil e a forte expansión que, neses terriotiros, gozou a produción extensiva de certos cultivos coma o azucre, o tabaco e mailo café. Naméntres que España ergue, como xa vimos, a prohibición que mantiña sobre o feito de emigrar no ano 1853, Alemaña, de cheo nese intre no proceso industrializador, unha vez que comproba as terribles condicións de traballo —por outra banda típicamente esclavistas— da súa man de obra emigrante no Brasil, prohíbe, en 1859, a emigración a esa nación sudamericana.

³ Por exemplo, e seguindo neste traballos como os feitos ata agora polo antecitado profesor Eiras, durante o primeiro (1860-1910) decenio desa media centuria (1860-1910), chegan a América 160.000 emigrantes —obviamente presumo que legais— procedentes de Galicia, cifra ésta que equivale á sorprendente taxa do 8,8 por mil anual da poboación que neses anos tiña o país galego. Xugando un pouco coas, en certa maneira aleatorias e neste caso ademais estimativas, comparanzas cuantitativas, tomemos o, por outra banda completamente distinto, fenómeno migratorio portugués: nese mesmo lapso temporal de 1860-1870, emigraron do país irmán, legalmente, 50.987 persoas —sempre según os datos do profesor Joel Serrão—; é decir, algo así coma o 1,5 ou 1,6 por mil anual de poboación que tiña neses anos o Estado luso. *Cfr.:* Eiras Roel, A. "Galicia e América dende o Quinto Centenario", na *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, nº 1, pp. 13-19. Serrão, J. A. *Emigração portuguesa. sondagem histórica*. Lisboa, Livros Horizonte, 1982, pp. 30, 149-151. *Vid., tamén:* Sixirei Paredes, C. *A Emigración*. Vigo (Pontevedra), Galaxia, 1988, pp. 54 y ss. Rodríguez Galdo, M^a X. *Crises agrarias e emigración na Galicia do século XIX*. Vigo (Pontevedra), Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980. López Taboada, X. A. *Economía e poboación en*

Xa coñecía dabondo —e de antigo— América a laboriosa singularidade do noso carácter. Dende os días do descubrimento ata 1853, unha escollida relación de homes desta definida etnia explorou e pobrou os novos territorios da coroa española, valgan como mostra do dito, os exemplos de descubridores como Pedro Sarmiento, Francisco Mourelle, Sebastián de Ocampo, Domingo González de Puga, Antono López de Quiroga, ou aquel comerciante coruñés —que chegaría ser célebre francmasón uruguaio— Joaquín de la Sagra y Periz, de sobrenome masónico *Pitágoras*; virreises, arcebispos, bispos e altos funcionarios da Administración como son condes de Lemos, de Monterrei, de Salvaterra, e de Moctezuma, Mateo Segade, Francisco de Aguiar y Seijas, Pedro Fernandez de Castro Andrade, ...⁴ Sen esquecer o innumerable elenco de misioneiros —a meirande parte deles da orde seráfica como, segundo parece, o mesmo fundador da cidade californiana de Los Angeles, natural de aldea coruñesa de Os Anxos— que evanxelizaron as terras conquistadas ó longo e ancho do continente americano.

Seguramente o que chame mais poderosamente a atención do fenómeno migratorio galego contemporáneo sexa o forte poder asociativo —aínda hoxe existente— deste variado e ciscado colectivo, e o pulo que este asociacionismo sostivo en relación ó ámbito cultural e pedagóxico, peculiaridade ésta derradeira que chegaría a singularizalo completamente do resto do societarismo emigrante dos países e rexións do resto da península, coma o vasco, o catalán, o asturiano e o cántabro. Dende aquela *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia*, constituída na cidade da Habana o 31 do mes de Nadal do ano 1871⁵, e onde, por certo, de entre os seus 37 socios fundadores xa atopamos a dous masóns: o impresor Francisco Armada, "simbólico" *Gutenberg*⁶, e o camiseiro Juan García Casariego, de nome simbólico *Artagnan*⁷, cáseque un sinfín de institucións como aquela primeira "sociedad de instrucción y recreo", a que chegaría a ser denominada polo reputado e coñecido nome de Centro Galego da Habana, fundado o 23 de novembro de 1879 e que, en poucos anos, contaría cun prestixioso sanatorio, unha poderosa caixa de aforros, un excepcional teatro —o que fora Teatro Nacional—, un fermoso e envexado palacio social —unha das tres mellores edificacións da Habana aínda hoxe—, un colexio, o "Concepción Arenal", agrupacións musicais e folclóricas, etc., etc.⁸; as mais de dúascentas "sociedades de instrucción y recreo" comarcales, creadoras de mais de outras tantas escolas na terra natal; a mesma *Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega*, instituída, tamén na cidade da Habana, en 1905 polo francmasón José Fontenle Leal, "simbólico" *Murguía*⁹, o seu primeiro

Galicia. A Coruña, Edicións do Ruego, 1979, pp. 56-71. Naranjo Orovio, C. *Del campo a la bodega: recuerdos de gallegos en Cuba. (siglo XX)*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1988. FUNDACION FONDO PARA LA INVESTIGACION ECONOMICA Y SOCIAL. *La emigración en la provincia de Orense. El retorno y sus perspectivas*. Ourense, Caixa Ourense, 1984.

⁴ Sobre este tema da emigración galiciana en América no Antigo Réxime, cfr.: Gómez Canedo, L. *Los gallegos en América. Entre el descubrimiento y la emancipación. Algunas notas y un guión provisional para escribir su historia*. Santiago de Compostela (A Coruña), Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 1983.

⁵ Naranjo Orovio, C. *Del campo a... Op. cit.*, p. 104.

⁶ Tesoreiro, en 1873, da importante loxia habaneira *Cosmopolita n° 14* da Gran Logia Simbólica del Gran Oriente de Colón. Cfr.: Archivo Histórico Nacional (de Salamanca) "Sección Guerra Civil". (A.H.N. de S.) Masonería. Leg. 379-A-1.

⁷ Tamén da mesma loxia que Francisco Armada, a *Cosmopolita n° 14*. Segretario, Arquivoiro e Garda Selos en 1876. Iniciado na masonería en 1868, García Casariego gozou dun curriculum moi destacado no hiramismo cubano do seu tempo. *Ibidem*.

⁸ Naranjo Orovio, C. *Del campo a... Op. cit.*, pp. 111-124.

⁹ Grao 2º, en 1893 e 1894, da loxia de Regla, denantes habaneira, do Grande Oriente Nacional de España *Unión y Concordia n°121*, "obradoiro" éste ó que, anos antes, pertencera un dos indianos mais coñecidos da historia galega,

presidente tamén pertencía a segreda orde do Gran Arquitecto do mundo, estarmos a referirnos ó vate de Celanova, Manuel Curros¹⁰.

Con todo este bagaxe de inquedanzas asociativas, non é de estrañar que este inxente colectivo migratorio da etnia galaica, tivese unha forte representación en outras asociacións americanas xa non estritamente de índole, vamos dicir, xentilicea, coma, por exemplo a cosmopolitista e fraternalista masonería. En relación a este punto e, como exemplo, temos o coñecido cso —hoxe recentemente estudado polo noso colega murciano o profesor Ayala, da masonería portorriqueña de obediencia española¹¹. Gracias a esta investigación podemos saber que o grupo de hiramitas peninsulares nesta asociación máis abondoso era o dos galegos, seguido moi o seu carón polo correspondente ós cataláns, ó dos andaluces, e ó dos asturianos¹².

Verdadeiramente, nos cadros ou estadiños da masonería cubana de influencia española, a presenza galega amósase moi cedo. O primeiro dos masóns de Cuba de orixe nacional galega do que tiñamos referencia documental ata agora, trátase do xa mencionado José García Barbón, iniciado no hiramismo, como xa ficou mais enriba dito, correndo o ano de 1866. Mais denantes de pasar o avance dos froitos do meu traballo sobre este tema da nosa emigración con relación á masonería, debo clarexar, entre outras cousas de metodoloxía, cales foron os motivos que me empuxaron a escomenzar este labor.

En puridade, acometer unha investigación deste tipo co único ánimo de acadar a confección dun directorio ou catálogo, mais ou menos exhaustivo, dos emigrantes galicianos do hiramismo cubano, sen deixar de seren cousa indudablemente de interese pola súa obvia transcendencia ideolóxica e ata social, non amortizaba mínimamente o evidente esforzo que supoñía o feito de ter que estudar pormenorizadamente unha extensísima documentación legaxada en mais de 15 carpetas do arquivo histórico nacional de Salamanca. A causa que en verdade me empurrou a abordar esta investigación foi unha hipótese de traballo que viña agarimando dende que iniciiei, alá polo ano 1980, os meus traballos masonolóxicos e que se pode circunscribeir na seguinte interrogación: ¿sería a francmasonería cubana, e americana en xeral, a grande escola integral onde acadaría a súa formación cultural e ideolóxica unha boa parte dese activo grupo de galegos "aplatanados" que, coa súa paradigmática iniciativa filantrópica, desenrolou, tanto "allá" como "acá", ese importante movemento cultural, organizativo, e ata político, do chamado rexeneracionismo galego de alén mar? As sospeitosas coincidencias abundan dunha maneira as veces esaxerada para poder deducir tal suposición¹³, o que verdadeiramente falla é chegar a poder demostralo por medio da correspondente documentación e o subseguinte cotexo. Tarefa ésta na que me atopo aínda nestes intres.

No que respecta ás cuestións de tipo metodolóxico que se lle plantexan ó investigador á hora de

tanto pola súa enorme fortuna en capital como pola xigantesca labor filantrópica que desenrolou (construíndo estradas na súa bisbarra ourensá de orixe, escolas, creando a Biblioteca Barbón, mercando para a cidade de Vigo o Teatro "Rosalía de Castro", etc., etc.), José García Barbón, "simbólico" Candás, iniciado na masonería —sen dúbida en Cuba— o 5 de nadal de 1866, e grao 5º nesta loxia a 31 de nadal do ano 1885. Cfr.: A. H. N. de S. Masonería. Leg. 783-A-18.

¹⁰ No que respecta a este punto de adscripción de Curros á masonería, vid.: Valín Fernández, A. J. V. *Galicia y la masonería en el siglo XIX*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1991 (2ª ed.), pp. 411-414.

¹¹ Ayala, J. A. *La masonería de obediencia española en Puerto Rico en el siglo XIX*. Murcia, Universidad de Murcia, 1991.

¹² *Ibidem*, p. 268. No concernente á masonería cubana de obediencia española, e a pesares de non poder confeccionar aínda, coa minuciosidade necesaria, estas estadísticas, coido que o monto correspondente ós cataláns superaría neste caso ó dos galegos, sobresaíndo, ademais, por posuer un abultado subgrupo composto por altos graos e gran número de cargos e dignidades da historia masónica cubana.

¹³ Sospeita ésta na que tamén coincide conmigo o meu amigo e colega Vicente Peña, especialista en historia da educación sobor do interesante campo das "sociedades de instrucción".

abordaren un labor deste tipo, a principal de todas elas é, certamente, a tan coñecida e sufrida por todo-os especialistas rexionais en emigración: podersaber con total seguridade as auténticas orixes nacionais dos xuseitos históricos a estudo. Por exemplo, nunha boa parte dos estadiños ou "cuadros lógicos" desta documentación non ven reflexada nin sequera no apartado correspondente para consignar o lugar de nacemento, en outros, pola contra, sí existe este apartado, pro o adxectivo xentilicio nel utilizado polo Segredario do "obradoiro" é o de "español" ou "española", axudándonos entón moi pouco á hora de coñecer se se trata dun galego ou non. Nestas situacións que, como estou a dicir, non son taxadas, o investigador pódese asir en non poucas ocasións ó auxilio que lle ofrece o nome simbólico escollido polo masón a investigar, sempre, claro está, que o masón éste posúa apelidos de clara ascendencia galaica e o seu "simólico" teña carácter toponímico¹⁴ ou faga clarísima alusión a calquer motivo inequívocamente relacionado con Galicia¹⁵. Sen esta pousadeira do nome simbólico ou de guerra, non pode tomarse como galego o suxeito a localizar aínda que se apelide Varela Seijas, Fraga Seoane ou Barreiro Penedo. Hai que afastarse, como moi ben apuntou Lino Gómez Canedo, da denominada por él "trampa dos apelidos", ó deixarse levar pola facilidade de identificación que encerran, polo xeral, os nomes de familia das distintas etnias da península, sobor de todo a euscalduna, a nosa, e a catalá, dado que aínda tendo a ascendencia comprobada, "apelidos moi galegos existían xa en varias partes de España moito antes do descubrimento de América, e precisamente abundaban en Extremadura e Andalucía"¹⁶.

No que concerne ó saldo actual do noso traballo de investigación realizado en torno á masonería cubana, podo adiantar que, por exemplo, no que atinxe ó mundo socioprofesional, dos 285 masóns galegos na Gran Antilla descubertos ata agora, só de 168 coñezo a súa adicación profesional; é dicir, o que ven a ser o 59 por cen do total de membros deste grupo emigrante. A profesión ou oficio mais abondoso é o relacionado co mundo do comercio, que, por outra banda e como xa é sabido, unha vez se vaia asentando este colectivo humano despois da primeira gran onda de braceiros —auténtico tsunami de labregos— para o duro traballo da zafra e dos "ingenios" azucreiros, será a ocupación típica do galego na illa: a adega. Aquel incansable estaren tras o mostrador ata as 24 horas do día, dado que, nun principio, para aforrar a fonda chegaban a dormir no valeiro existente baixo o mesmo, como ben recolle a tradición —aínda oral—, e reflexa nas súas páxinas a mesma literatura cubana contemporánea. Adega, "bodega" ou "bodeguita", entendida como se entende esta verba alá; e dicir, unha especie de establecemento de despacho público a cabalo entre unha tenda de comestibles e unha taberna, onde o "galego" tanto vai expender un kilo de fríxoles ou unha onza de chocolate coma un vaso de doce guarapo ou un refrescante "mojito". Algo así como o arxentino boliche, típicamente rexentado tamén por un aforrador "gallego" como —en menino— aquel personaxe de comic, Manolito Goreiro (de aí sen dúbida a elección do apelido), das sociolóxicas viñetas das tiras cómicas intiduadas Mafalda, do dibuxante arxentino Quino (Joaquín Salvador Lavado).

Esta, como digo, foi seguramente a profesión dominante dese subgrupo de comerciantes que, por outro lado, chega a atinxir ó 55 por cen do número total de ocupacións coñecidas. Seguiralle en orde de importancia o grupo dos "empleados", con 22 individuos (o 18% do total coñecido) con este ambiguo xeito de definir o seu traballo. Aos empregados sucédennle en relevancia os masóns galegos con un oficio típicamente cubano: o de tabaqueiro ou escolledor de tabaco, con un total de 15 membros con esta dura profesión, que ven a representaren o 12 por cento do total coñecido de oficios. Despois deste conxunto xa ven a típica heteroxeneidade de menesteres que completan ese 15 por cen restante: dende 11 xastres, 6 industriais, 5 maquinistas navais, 5 médicos (entre eles dous

¹⁴ *Mañón, Moeche, Valle de Oro, Serantes, Negreira, Taveirós, Tuy...*

¹⁵ *María Pita, Pardo de Cela, Felipe de Castro, Murguía, Glorias a Galicia, Brigantino...*

¹⁶ Gómez Canedo, L. *Los gallegos en... Op. cit.*, pp. 12-13. Traducción ó galego do autor deste artigo.

dentistas), 5 militares, 4 mariños, 2 intelectualizados impresores (un deles, José Fontela, nada menos que o creador da Real Academia Galega), 2 sufridos colegas de Vulcano dende o seu esgotador oficio de pailero de inxenio, e así ata completar o total con canteiros, reloxeiros, zapateiros, lavandeiros, fotógrafos, barbeiros, un maiordomo, un conserxe, e ata unha masona galega co nada raro oficio para ela de "súa casa".

O tema de elección do sobrenome masónico cando a iniciación —característica ésta exclusiva das masonerías de influxo ibérico— resulta sempre moi clarificador a niveis de estrutura de pensamento do colectivo masónico a estudo. Neste caso de masonería de procedencia migratoria, hai que sulñar transcendente feito de que na maioría dos neófitos galegos vai a primar a nostálgica saudade pola benquerida terra que tiveron que deixar, antes cas típicas opcións de altisoantes nomes simbólicos de índole políticoaicaista, clásico, ou estrictamente persoais sen transcendencia universal ningunha. Caso éste completamente insólito na masonería de compoñente emigrante en Cuba¹⁷.

Dos 285 francmasóns galegos contabilizados ata o momento, coñecemos os nomes de guerra ou simbólicos de 232; ou seña, o 81 por cento. E destes o 55 por cen; é decir, 127, van a elixir á hora de ser aceptados como masóns, o topónimo do seu país, cidade, vila, aldea, ou lugar de orixe. Así temos once "*coruñas*" e "*santiagos*", sete "*ferroles*" e "*viveros*", catro "*galicias*", "*estradas*" "*vigos*", "*ourenses*"¹⁸, tres "*lugos*", "*ribadeos*", "*miños*"¹⁹, e desta maneira irán pasando polos apartados correspondentes dos "cadros lóxicos" entidades de poboación como Pontevedra, Candás, Tui, Fene, Marín, Vilalba, Ares, Celanova, Fontán, etc., etc., etc. Despois deste morriñento subgrupo, ven xa un dos conxuntos típicos de nomes simbólicos da masonería española de entre séculos, o pertencente á índole políticoaicaista, con un total de 30 galegos e que ven equivaler ó 13 por cento do total de "simbólicos" coñecido, son nomes de senso semellante ós que tamén tiñan os masóns galegos en Galicia²⁰: *Libertad, República, Federal, Laico, Bolívar, Portier, Riego, Onde de Febrero, Chies, Barcia, Garibaldi, Espartero,...* Detrás deste subgrupo voltamos a atoparmos con outra maneira de interpretar esa morriñenta saudade, nesta volta serán "simbólicos" de forte pulsación galaica: *María Pita, Felipe de Castro, Pardo de Cela, Feyjoó (sic), Costales, Murguía,...* Serán once os masóns con este tipo de sobrenome. Con 10 ven despois o grupo de índole clásica como: *Trajano, Diocleciano, Scipión, Licurgo, Pompeyo, Aníbal, Sócrates,...* E, por remate, a serie de alias masónicos que antecede á sempre socorrida e derradeira de "varios", nesta ocasión voltamos a atopar "simbólicos" de tema toponímico: *España, Zaragoza, Cuba, León, etc.* Este subgrupo contará de 8 membros.

Un motivo mais de estudo digno de ser mencionado é o que concerne ós distintos momentos históricos de iniciación destes emigrados galicianos no hiramismo cubano. Para elo compartimentei o amplo ámbito cronolóxico en tres grandes estadios e tenor das dúas grandes fames galegas de 1853 e 1880, auténticas catapultas do movemento migratorio de Galicia alén mar, e, por último, a obviamente insoslaible data da perda colonial da Pérola do Caribe por parte do Estado español. Temos entón un primeiro grupo que iría dende o albor da primeira gran diáspora indiana da nosa terra (1853-1879), un segundo que comprendería os anos que van dende 1880 a 1897, e un terceiro que

¹⁷ Hai casos aillados entre os masóns catalás, aragoneses, etc., pro endexamais coa abundancia que ten o noso colectivo.

¹⁸ Con este "simbólico", como é sabido, pódese estar a facer referencia non xa á coñecida cidade galega senon ó célebre apelido do político liberal español, o marqués de Albaida, José María Orense Mila de Aragón. Político republicano federal que tanta sona e admiración tivo entre os masóns españois do seu tempo.

¹⁹ Con este "simbólico" tanto se pode facer referencia á vila coruñesa dese nome, ou ó coñecido e importante río galego.

²⁰ Vid. e. g.: Valín Fernández, A. J. V. *Galicia y la... Op. cit.*, pp. 486-489.

abarcaría dende 1898 ata 1924, data esta derradeira na que escomenza a desaparición tanto da orixe nacional dos masóns referenciados nesta documentación, coma o propio nome simbólico.

Como tamén sucede na historia masonolóxica en Galicia²¹, será o segundo estadio cronolóxico o que acapara o maior monto de iniciacións, con un 78 por cento do total coñecido. Sucederalle en importancia o grupo primeiro que, neste caso, abarca as cifras reais de 1866 a 1879, cun 13 por cen. O último, o terceiro, leva a porcentaxe restante do 9 por cento.

A emigración galega en Cuba foi un macrocolectivo de traballadores que consolidou unha magnífica coordinación orgánica, e que se acercou ó hiramismo cubano cecais motivado, entre outras cousas, polo natural e necesario afán de "aplatanarse" mellor naquela nova, e cen por cen exótica para él, sociedade onde o destino e a necesidade o levaran. Un colectivo humano cunhas curiosas afinidades ideolóxicas e que chegaría a convencer, nun exemplo cen por cen prototípico, ós seus "irmáns" de loxia para que a un importante "capítulo" masónico se lle puxera por título distintivo o de *Unión Galaica*, o chamado *Soberano Capítulo Unión Galaica nº 35* de Cárdenas, corpo masónico éste que chegaría a posuer co concurso da súa loxia simbólica, a Unión Universal nº 17, o periódico *El Renacimiento*, cuio director sería o lucense Daniel Bermúdez, grao 33º, e "simbólico" *Lugo*, Venerable Mestre dende 1890 a 1893 da loxia simbólica antecitada²², e persoeiro das "forzas vivas" da cidade de Cárdenas neses anos. O porqué desa denominación tan exaltativa do auténtico sentir galego nunha loxia onde había, en outubro do ano 1892, nada menos que 72 membros activos; dos que só 20 eran galegos (o 28 por cen)²³, o descoñecemos aínda que, obviamente e como dixemos mais enriba, partiu do poder de convicción que, tanto o poderoso "venerable" e o resto dos seus dezanove paisanos²⁴, tiveron con respecto ó variopinto resto do cadro.

²¹ Cfr.: Valín Fernández, A. J. V. Galicia y la... Op. cit., pp. 493-508.

²² Sobre a historia e vicisitudes do capítulo *Unión Galaica*, cfr.: A. H. N. de S. Masonería. Leg. 264-A-I. Sobre a loxia *Unión Universal*, cfr.: A. H. N. de S. Masonería. Leg. 385-A-4.

²³ O segundo subgrupo por lugares de nacemento en importancia, dado que o primeiro o ostentaba, con 23 masóns, o pertencente ós cubanos (o 32 por cen). O terceiro subgrupo lle corresponderá ós asiáticos (a inmensa maioría emigrantes chineses cristianizados), con 15 hiramitas con esta orixe nacional (o 21 por cen), e así: 5 asturianos, 2 extremeños, 2 catalás, 1 aragonés, 1 cántabro, 1 castelá, 1 canario, e un norteamericano.

²⁴ Destes, oito, poseían graos elevados.